



ASUNTO: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS QUE REXERÁN OS PREMIOS DO CONCURSO DE MURGAS DO ENTROIDO 2022

RESOLUCIÓN

I. ANTECEDENTES

Primero.- En data 07.02.2022 a Concelleira Delegada de Patrimonio Municipal e Festas, dita Providencia para iniciar o expediente instruído co fin de establecer unha convocatoria de premios aos participantes ao concurso de murgas do Entroido 2022, que poidan ser de interese para a cidadanía de Pontevedra, a fin de proceder á tramitación do correspondente expediente de aprobación das bases e convocatoria dos citados premios dirixidos á poboación en xeral.

Segundo.- Remitido o expediente á Intervención Xeral Municipal, fiscalízase o expediente de conformidade, indicando o dito órgano que procede que continúe a súa tramitación, se ben coas observacións que constan no seu pronunciamento, que se cualifican por este órgano de irregularidade leve de acordo co previsto na base 81.3 de execución orzamentaria,.

Así mesmo, este servizo informa que segundo o establecido no art.11 da OXS é competencia da Alcaldía a aprobación das bases e resolución do procedemento, competencia delegada no concelleiro de Economía e Facenda, segundo resolución da alcaldía de 15/06/2019(modificada pola de 24/06/2019). O gasto poderá ser contabilizado con cargo á aplicación 2022-09-3383-48100 operación 202200013618, por importe de 7.550,00 €.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1. Os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de actividades ou instalacións culturais e neste mesmo senso, os artigos 28 da Lei 7/85 e 86.1 a) e b) da Lei 5/97 determinan que os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións públicas como é, en particular a cultura.

2. As bases redáctanse baixo a vixencia da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada no Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada, consonte ao disposto na lexislación de réxime local, no B.O.P. nº 190 do 30 de setembro de 2004, pola que se adecuou a normativa municipal reguladora en materia de subvencións ao réxime xurídico establecido pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en adiante).



3. Segundo o artigo 11 da OXS, a competencia para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrència competitiva correspóndelle á Alcaldía, competencia delegada no concelleiro de Economía e Facenda, segundo resolución da alcaldía de 15/06/2019 (modificada pola de 24/06/2019).

Atendendo ao exposto, esta Concellería no exercicio das súas atribucións, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública da concesión de premios aos participantes ao concurso de murgas do Entroido 2022, dentro da programación organizada polo servizo de Cultura e Festas para o Entroido, co contido establecido nas bases da convocatoria, por importe total de 7.550,00 €.

Segundo.- Autorizar e aprobar o gasto polo importe da liña de subvencións fixada e con cargo á operación contable da aplicación orzamentaria do exercicio vixente de conformidade co seguinte detalle:

Aplicación	Operación contable nº	Importe
2022-09-3383-48100	202200013618	7.550,00 €

Terceiro.- Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria de subvencións como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV EPO3F57V1P0AZTF2

Así se dispón e ordena polo Sr. Concelleiro de Economía e Facenda, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.

